

PROCEDIMIENTO PARA TESES SUXEITAS A PROTECCIÓN DE DATOS

(Aprobado na Comisión Permanente da EIDO do 22 de maio de 2015)

O Real Decreto 63/2006, de 27 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador en formación, establece no seu artigo 5 os dereitos do persoal investigador en formación, entre os que figuran os dereitos de propiedade intelectual e a súa compatibilidade con outros dereitos que puideran derivarse da investigación realizada.

O Real Decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de Doutoramento prevé no seu artigo 14.6 que en circunstancias excepcionais non se difundan en aberto os resultados da tese de doutoramento.

O Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo (REDUVI), no seu artigo 35 establece a normativa aplicable ás teses con protección de dereitos.

En base á normativa anterior a Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento (EIDO) establece o seguinte procedemento e os mecanismos necesarios para materializar a protección destes dereitos.

Primeiro. Materialización de cláusulas de confidencialidade no Compromiso Documental de Supervisión


De acordo co parágrafo primeiro do artigo 35 do REDUVI, “no compromiso documental incluíranse as cláusulas oportunas para garantir a non difusión dos contidos no caso de teses de Doutoramento en que existan cláusulas de confidencialidade con empresas ou as que poidan dar lugar a dereitos de propiedade industrial e intelectual e dos que non se poida realizar a difusión de contidos antes de estar debidamente protexidos”. Neste sentido, a confidencialidade abrangue calquera información contida na tese que fora declarada como tal, incluíndo, aínda que non limitada a, descrições en calquera forma, prototipos, debuxos, gráficas, secretos e propiedade comercial e profesional, así como calquera outro tipo de información considerada propiedade industrial contida na tese.

Segundo. Establecemento de cláusulas de confidencialidade posteriormente á sinatura do Compromiso Documental de Supervisión

De darse esta circunstancia con posterioridade á sinatura do compromiso documental de supervisión e sempre con anterioridade a depósito da tese, o/a doutorando/a solicitará por escrito ao órgano académico responsable do programa (departamento, comisión académica) a súa conformidade para a non difusión do contido total ou parcial da tese (Anexo I). Esta solicitude deberá acompañarse dun informe do/da director/a de tese que xustifique a necesidade da confidencialidade total ou parcial da tese.

No caso de que o órgano académico responsable do programa dea a súa conformidade (Anexo II), o notificará ao/á doutorando/a, titor/a e director/a da tese e trasladará a solicitude e o informe xustificativo do/da director/a da tese á Comisión Permanente da EIDO, que procederá, de se lo caso, á súa autorización (Anexo III). Tanto no escrito de conformidade do órgano responsable do programa como na autorización da Comisión Permanente da EIDO deberá figurar cal/es é/son a parte ou partes da tese está/n sometida/s a confidencialidade.

A redacción dos plans de investigación posteriores á autorización pola Comisión Permanente da EIDO respectarán escrupulosamente o compromiso de confidencialidade na parte ou partes acordadas.



Terceiro. Documentación que se debe presentar no depósito da tese

No momento do depósito da tese, o/a doutorando/a deberá presentar unha versión reducida da tese, tanto en formato papel como en PDF, na que se eliminarán os contidos afectados polo deber de non difusión ou polo deber de secreto ou confidencialidade, asinado polo/a doutorando/a, o/a director/a da tese e, se é o caso, o/a titor/a da tese.

Farase constar na portada da tese de doutoramento, tanto no exemplar impreso como no exemplar electrónico, o seguinte aviso:

*“Esta tese de doutoramento está sometida a procesos de protección ou transferencia de tecnoloxía ou de coñecemento, polo que os seguintes contidos están temporalmente restrinxidos da publicación nos repositorios institucionais:
Autorizado pola Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo con data*”

Ademais, na primeira páxina do traballo deberá de aparecer o índice e a relación de contidos restrinxidos.

Cuarto. Utilización das versións reducida e completa da tese

O exemplar da versión reducida en formato electrónico será o que se deposite para a súa consulta pola comunidade científica de doutores/as. Esta versión deberá coincidir co contido da exposición e defensa pública da tese.

A versión completa será a que se lles entregue aos membros do tribunal para a súa avaliación. Ademais, un exemplar completo en formato papel e en formato electrónico (PDF) quedará arquivado na universidade baixo o compromiso de confidencialidade. Dita custodia deberá manterse en tanto non se faga público o contido da tese por calquera medio que non teña a súa orixe en quen houbera accedido ao contido confidencial. En todo caso, a confidencialidade prevista non poderá extenderse a máis dun ano dende a data de defensa da tese, salvo autorización expresa da Comisión Permanente da EIDO en base a un informe motivado.


Quinto. Compromiso de confidencialidade dos membros do tribunal

Unha vez nomeados os membros do tribunal pola Comisión Permanente da EIDO, a Sección de Posgrao e Formación Continua fará chegar a cada membro a notificación de nomeamento como tal, o expediente académico do/a doutorando/a e o documento de compromiso de confidencialidade e secreto da tese de doutoramento (Anexo IV), que deberá reenviar asinado á Sección de Posgrao para que, dende esta unidade, se lle poida remitir o exemplar completo da tese para a súa avaliación e un informe sobre os contidos da tese suxeitos a protección de dereitos.

Sexto. Defensa da tese de doutoramento en sesión pública e en sesión privada

A defensa pública da tese de doutoramento abordará só os contidos que non estean suxeitos á protección de dereitos de propiedade industrial/intelectual e ao compromiso de confidencialidade. Se o tribunal desexa formular cuestións ao/á doutorando/a sobre os contidos protexidos, estas intervencións faranse en sesión privada, con carácter previo ou posterior á sesión pública, segundo a decisión do tribunal.

Sétimo. Publicación da tese de doutoramento no repositorio institucional da Universidade de Vigo “Investigo”



Unha vez aprobada a tese, o exemplar reducido será o que se publique no repositorio institucional da Universidade de Vigo “Investigo”. Cando se realicen as oportunas proteccións ou venza o prazo de confidencialidade, os/as xa doutores/as poderán solicitar, despois de acreditar estas circunstancias, a súa substitución polo exemplar completo. En todo caso, a Comisión Permanente da EIDO establecerá en cada caso o período máximo permitido para a publicación da versión reducida da tese no repositorio institucional. Transcorrido dito período, a EIDO procederá á publicación da versión completa da tese no repositorio institucional.

Oitavo. Entrada en vigor e aplicación

Este procedemento de protección de teses aplicarase a partir do día seguinte á data de aprobación de dito regulamento pola Comisión Permanente da EIDO.

Respecto ao alumnado de programas de Doutoramento regulados por normativas anteriores ao RD 99/2011, serán de aplicación as cláusulas 2ª a 8ª do presente procedemento.